



MOCIÓN SOBRE A MODIFICACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE DIRECCIÓN-XERENCIA DO AUDITORIO DE GALICIA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cultura é un referente da cidade, así o avala a súa declaración como Cidade Patrimonio da Humanidade, a súa declaración no ano 2000 como Capital Cultural de Europa, e outros galardóns que veñen a recoñecer a forte esencia cultural de Santiago, non só como un conxunto de importantes elementos do patrimonio histórico-artístico, senón tamén como sede dunha permanente actividade cultural ao longo do tempo.

E boa parte do éxito desta intensa actividade cultural, débese ao Auditorio de Galicia, o máis importante contedor cultural da cidade, dependente do Concello, que contribuíu a fornecer de contidos culturais a oferta de Santiago desde a súa inauguración en 1989.

Este edificio singular dos arquitectos Julio Cano Lasso e Diego Cano Pintos acolleu nos seu 27 anos de existencia espectáculos dignos de calquera grande cidade europea, pero sen esquecer a escena galega e, particularmente, santiaguesa.

O Auditorio presta un gran servizo á comunidade e debe seguir sendo o referente da acción cultural do Concello.

Na Xunta de Goberno Local do pasado 13 de maio, o Goberno municipal aprobou as bases da convocatoria para a provisión do posto de Dirección-Xerencia do Auditorio de Galicia.

Está claro que seguindo o artigo 127.1. i) da Lei de Bases de Réxime Local, entre as atribucións da Xunta de Goberno Local está “o nomeamento e cese dos titulares dos órganos directivos da Administración Municipal”.

Como tamén está claro que o artigo 7 f) dos Estatutos do Auditorio de Galicia establece como competencias do seu Consello Reitor, máximo órgano de dirección, “aprobar o cadro e as bases para a contratación do persoal do Auditorio así como as retribucións do mesmo”.

Na nosa opinión, ambas as dúas cousas, nomeamento e bases, son perfectamente compatibles, e non entendemos que, unha vez que Compostela Aberta optou por abrir un proceso de concorrencia pública para a selección da Dirección-Xerencia do Auditorio, non permita que o Consello Reitor se pronuncie sobre este tema.

E xa que estamos ante un proceso que pretende garantir a publicidade e concorrencia para efectuar unha selección que atenda aos principios de mérito e capacidade e aos criterios de idoneidade, as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, non cumpren con ningún destes parámetros e, na nosa opinión, carecen, de todo principio de obxectividade e imparcialidade.

Con esta moción, o Grupo Municipal do Partido Popular quere contribuír á mellora das bases para garantir a seguridade xurídica para os candidatos que decidan presentarse a esta convocatoria.

Por todo iso propoñemos o seguinte

ACORDO


1º.- Revisar os méritos avaliáveis, concretando a forma de acreditar o mérito que se require e, sobre todo o peso de cada mérito no conxunto da puntuación.

2º.- Revisar os contidos mínimos que debe ter o Plano de actuación quinquenal que se solicita no sobre 2.

3º.- Determinar un Comité de avaliación imparcial e profesional, tal como se esixe no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei de Emprego Público de Galicia.

4º.- Que se presente un novo texto e que as bases sexan aprobadas polo Consello Reitor do Auditorio de Galicia, dando cumprimento así ao artigo 7 f) dos seus Estatutos.

Santiago, a 10 de xuño de 2016


María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.